

MATERIA
Economía Política I. Empresa e Mercados

TITULACIÓN
Grao en Dereito

unidade
didáctica
1

A economía política

Francisco Jesús Ferreiro Seoane
Vanessa Miguéns Refojo

Departamento Economía Aplicada
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN

978-84-17595-91-3

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595913>

MATERIA: Economía Política I. Empresa e Mercados

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A Economía Política

Concepto de Economía
Caracterización da Ciencia Económica
O método na Economía

Unidade II. Introducción á historia do pensamento económico

Os preclásicos: mercantilistas e fisiócratas
Os clásicos. Marxinalistas e neoclásicos
O marxismo
Históricos e institucionalistas
O keynesianismo
Panorama actual da Ciencia Económica

Unidade III. A demanda, a oferta e o mercado

As funcións de demanda e oferta e os seus determinantes
O equilibrio do mercado. Excedentes do consumidor e do produtor
Elasticidades da demanda
A elasticidade-prezo da oferta

Unidade IV. A empresa como oferente tipo

A empresa. Concepto e tipos
O papel da empresa na economía
A estratexia da empresa

Unidade V. Contabilidade da empresa

A ecuación fundamental do patrimonio e o método da partida dobre
Algúns asentos contables básicos
Introdución ao Balance e á Conta de Perdas e Ganancias
Referencia aos novos estados financeiros

Unidade VI. Teoría da produción e dos custos da empresa

A función de produción
Produtividades a curto e longo prazo
Do custo contable ao custo económico
Funcións de custos a curto e a longo prazo

Unidade VII. Teoría da distribución

A demanda, a oferta e o prezo dos factores de produción
O mercado laboral e a determinación dos salarios
A renda da terra
O capital e o beneficio empresarial

Unidade VIII. Prezos e mercados

Concepto e clases de mercado

O mercado de libre competencia

O monopolio

O oligopolio e a competencia monopolista

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

CONTIDOS

1. Concepto de Economía
 - 1.1. Definición de Economía
 - 1.2. Dimensións da Economía
2. Caracterización da Ciencia Económica
 - 2.1. A economía como ciencia social
 - 2.2. A economía constitucional e a análise económica do dereito
 - 2.3. A economía como ciencia da elección
 - 2.3.1 A análise económica centrada no individuo
 - 2.3.2 As eleccións da sociedade e a eficiencia económica
 - 2.4. Principios básicos da ciencia económica
3. O método na Economía
 - 3.1. A economía como ciencia social. Clasificación
 - 3.2. A investigación económica e os instrumentos de análise económica
 - 3.2.1 O método científico
 - 3.2.2 Instrumentos de análise económica
 - 3.2.3 Investigación aplicada en economía

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

O tema nomeado A Economía Política proporcionará ó estudante coñecementos respecto á comprensión global da Economía, a súa definición e conceptos básicos.

A asimilación destes conceptos básicos permitirá ó alumno profundizar na caracterización da económica como ciencia e a súa aplicación no ámbito xurídico.

Por último, presentarase a análise económica e o método científico como instrumento estratéxico de investigación.

OBXECTIVOS

O tema que se desenvolve, así como a bibliografía relacionada a continuación, elabórase coa finalidade de que os estudantes acaden os seguintes obxectivos:

- Lograr unha comprensión global da economía no seu contexto socio-político e coñecer os seus fundamentos básicos.
- Captura das relacións entre o sistema económico e xurídico.
- Introducción da aplicación da análise económica do dereito.
- Asimilar as categorías básicas da análise económica.
- Aplicar a metodoloxía da análise económica como instrumento estratéxico de investigación.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Para unha mellor aprendizaxe do tema por parte do alumno, aplicaranse, neste caso, 2 principios metodolóxicos:

- Principio da actividade. Neste caso, a educación apóiase na actividade persoal do alumno, pois sin actividades persoais non hai aprendizaxe. O docente canalizará as inquietudes dos alumnos en relación cos obxectivos do programa. Para que a ensinanza sexa activa debe iniciarse dende a programación de actividades, presentando ó alumno actividades problemáticas de solución asequible ó seu nivel. Deste modo, facilitarase tanto a avaliación como a autoavaliación da aprendizaxe. Algunhas técnicas que se empregarán serán a investigación, proxectos, presentacións, exercicios, discusións e debates e emprego de documentación.
- O principio de 'estar ó día'. As novas tecnoloxías aumentan a necesidade de formación e preparación tanto de docentes como de alumnos. É imprescindible plantexar procesos metodolóxicos nos que a investigación e a busca de datos estén vinculados ás novas tecnoloxías. 'Aprender a aprender' é un dos principios ideolóxicos que máis forza aportaron ós cambios metodolóxicos, xa que incitan ós alumnos a procurar a autoaprendizaxe.

CONTIDOS

1. Concepto de Economía

1.1. Definición de Economía

O concepto de Economía abarca diversas dimensións, de aí a dificultade para defini-lo. O vocábulo ten polo menos tres significados diferentes. Por unha banda é sinónimo de ciencia económica; noutro sentido, utilízase para designar o sistema económico concreto existente nun país ou rexión, como cando se fala de “a economía xaponesa”, por exemplo. Por último, e máis apegada á etimoloxía do termo, a palabra economía significa, na linguaxe corrente, a administración recta e prudente dos bens, o aforro de tempo, materiais ou traballo. Esta acepción, en termos xa algo máis técnicos, significa entón o uso óptimo dos recursos de forma que unha cantidade dada dos mesmos produza a maior satisfacción ou utilidade. Neste sentido, pois, economía é sinónimo de eficiencia para o logro de fins determinados.

1.2. Dimensións da Economía

Dentro do concepto de Economía, distínguense diferentes dimensións, en función do ámbito no que se desenvolva ou das características específicas que a identifiquen:

- **Economía aplicada.** Parte da ciencia económica que utiliza os coñecementos teóricos desta para examinar problemas prácticos e buscar solucións aos mesmos. A economía aplicada desenvólvese no plano das políticas públicas, as finanzas e a marcha concreta dos negocios. Non existe unha diferenza tallante, polo menos desde o punto de vista profesional, entre a economía teórica e a aplicada: son as mesmas persoas, actuando en diferentes medios, as que poden dedicarse a unha ou outra destas especialidades.
- **Economías de escala.** Existen economías de escala na produción dun ben cando o custo medio do mesmo diminúe, no longo prazo, ao aumentar a escala en que llo produce. No caso contrario, cando os custos aumentan ao aumentar a escala da produción, fálase de deseconomías de escala. As economías de escala poden ser internas ou externas. Á primeira categoría pertencen as que se producen dentro do interior dunha firma como produto da ampliación da escala de produción, tales como as que xorden da indivisibilidade de certos equipos ou procedementos técnicos, que teñen unha escala onde a eficiencia é maior; as que debeñen da especialización ou división do traballo entre o persoal da firma; as que se producen cando hai significativos custos fixos de deseño, investigación e desenvolvemento de produtos, etc. As economías de escala externas son as que se producen cando, ao integrarse diversas firmas, caen os custos de financiamento ou de obtención de materias primas, ou cando é posible

facen economías debido a que se comparten certos procesos tecnolóxicos que obrigan a utilizar materias primas ou servizos técnicos semellantes.

- **Economía de mercado.** Chamada tamén economía de libre mercado -ou, simplemente, economía libre- é a que se desenvolve a través de empresas privadas sen o control directo de parte do goberno. Nela os principais procesos e operacións económicos son levados a cabo por particulares, xa sexan estes consumidores ou empresas, e a interferencia gobernamental é mínima ou -polo menos- está claramente delimitada a través do marco xurídico vixente. Nunha economía de mercado os intercambios entre os individuos son libres e voluntarios e as leis existen para favorecer e garantir o seu cumprimento. Por tal motivo cada individuo entra en acordos cos demais ofrecendo os bens e servizos que posúe e demandando aqueles que necesita. Estas infinitas interaccións dan orixe e xéranse dentro dun contexto que se denomina mercado e no cal xorden prezos de equilibrio que garanten a máis eficiente asignación de recursos posible. A competencia que se establece tende a promover, por outra banda, a división do traballo, a incorporación de tecnoloxía e, en definitiva, o aumento da eficiencia e das innovacións. É evidente que ningunha das economías reais existentes se adapta completamente ao modelo abstracto que se acaba de sintetizar. Na práctica existen o que se denominan economías mixtas, onde sempre se atopa algún grao de interferencia gobernamental, en ocasións bastante considerable.
- **Economía do Benestar.** Ás veces considerada como unha forma de economía normativa, por diferenza coa economía teórica ou positiva que busca coñecer como son os procesos económicos, a Economía do Benestar é unha rama do pensamento económico que se propón incrementar o benestar total ou a utilidade total existente nunha sociedade. O problema básico que se presenta en tal caso é que debe atoparse un modo de facer comparacións interpersoais de utilidade, é dicir, definir unha escala de preferencias que sexa común para dúas ou máis persoas. A existencia de tal escala común, con todo, é imposible de demostrar. Baseada en gran parte no concepto de óptimo paretiano, a Economía do Benestar desenvolveuse con bastante ímpeto a mediados do século XX, atopándose entre os soportes teóricos do chamado Estado de Benestar. Na actualidade foi desprazada do centro do pensamento económico, en gran parte debido á imposibilidade de atopar un vínculo entre os aspectos normativos e positivos: de acordo ao teorema imposibilidade de Arrow, non é factible atopar unha función “social” de benestar que agregue as funcións de utilidade de cada un dos individuos.
- **Economía keynesiana.** Termo empregado para describir as teorías macroeconómicas que se desenvolveron usando os conceptos creados e as técnicas utilizadas por John M. Keynes. A diferenza dos neoclásicos, Keynes interesouse primordialmente polos grandes agregados económicos nacionais, en especial polo efecto da demanda agregada sobre o nivel dos ingresos, e pola atención que prestou á proporción do aforro total

destinada ao investimento. Xurdida nunha época de grave crise económica, a economía keynesiana preocupouse especialmente por dous temas centrais: a estabilidade dunha economía de mercado -fundamentalmente en canto a manter o pleno emprego- e o rol do diñeiro, ou das variables monetarias, no conxunto do sistema. Na perspectiva keynesiana a inestabilidade dunha economía de mercado é atribuída á diferenza entre a propensión ao consumo e a propensión ao aforro a medida que aumentan as rendas dos individuos, así como á trampa da liquidez, unha situación na cal o incremento da oferta monetaria non fai descender os tipos de interese. A solución atopada pola maioría dos keynesianos consiste nun cambio do papel do Estado: a súa política económica debe encamiñarse a impedir os períodos recesivos mediante un aumento do gasto público que estimule a demanda agregada, o cal produce un déficit fiscal. Posteriores aplicacións prácticas destas ideas, especialmente en Latinoamérica, levaron a recorrentes orzamentos deficitarios que estimularon o fenómeno da inflación.

- **Economía mixta.** Dise do sistema económico de mercado pero que ten un forte compoñente de intervención estatal. Devandito compoñente pode referirse a un amplo sector de empresas estatais, á existencia de estendidos controis de prezos ou a unha política económica que fai énfase na planificación.
- **Economía planificada.** Dise do sistema económico que se basea na planificación central. Nunha economía planificada as decisións máis importantes son tomadas por un corpo colectivo de funcionarios que asignan recursos e fixan obxectivos a cada sector e rama produtiva, de acordo a metas xerais previamente trazadas. As forzas do mercado compren, por tanto, un papel escaso ou case nulo.
- **Economía política.** Nome que, ata finais do século pasado, dábase ao estudo da ciencia económica. Esta designación, con todo, abandonouse gradualmente, en parte porque implica a consideración de fenómenos que escapan á teoría económica en si, en parte porque ela abarca tacitamente aspectos prácticos de acción política. En todo caso o termo pretende distinguir entre a economía particular, doméstica ou individual, e os procesos económicos globais, que afectan ou levan a cabo no ámbito de toda unha sociedade. Neste sentido a palabra economía, empregada sen maiores cualificativos, conserva hoxe a idea desa distinción inicial.

2. Caracterización da Ciencia Económica

2.1. A economía como ciencia social

Para Samuelson (1970) a economía é o estudo da maneira en que os homes e a sociedade utilizan, facendo uso ou non do diñeiro, uns recursos produtivos escasos para obter distintos bens e distribuílos para o seu consumo presente ou futuro entre as diversas persoas que compoñen a sociedade.

Para Robbins (1932) a economía é aquela ciencia que estuda a conduta humana como unha relación entre fins e medios escasos susceptibles de usos alternativos. Para Bentham (1789) a economía tenta determinar como asignar eficientemente os recursos escasos ás distintas actividades económicas e sociais para maximizar o benestar social. A sociedade aproveita da mellor forma posible os seus recursos escasos (eficiencia) e os resultados da actividade económica son os desexables pola sociedade (utilidade social). Bentham tenta mostrar como pode aumentar o benestar da sociedade e concebiu a idea: “a maior felicidade para o maior número de persoas” (utilitarismo). As nosas decisións involucran a outros.

En función das consideracións dos citados autores distínguense 3 enfoques:

- A investigación actual céntrase en buscar os determinantes da felicidade e o benestar social.
- A aportación de Robbins destaca a escaseza como trazo crucial nesta disciplina; a escaseza é inevitable e é central para os problemas económicos.
- A definición de Samuelson recolle a vertente máis tradicional, que centra a economía en torno ás actividades de produción e á distribución de bens.

A economía política actualmente emprégase para referirse á estudos interdisciplinarios que se apoian na economía, a socioloxía, o dereito e a ciencia política para entender como as institucións e os contornos políticos influencian a conduta das persoas, organizacións e mercados. Ademais, estudia a toma de decisións racionais e eficientes nun ámbito plural e democrático. Por último, analiza e explica as formas nas cales varios tipos de goberno, a través das súas leis e políticas, afectan á asignación dos recursos escasos nunha economía e ó benestar da sociedade.

Como sinala Mankiw, a palabra economía procede da palabra grega *oikonomos*, que significa “o que administra un fogar” ou o que é o mesmo, “administrador doméstico”. Este significado vén moi ligado ao feito de tomar decisións e administrar uns recursos de forma individual ou na sociedade. Pero como moitos autores sinalan, o feito de que non existan ilimitadamente todos os recursos necesarios para producir os bens e servizos que logren satisfacer a toda a sociedade fai que se trate dun concepto e unha área de estudo difícil e complexo; e iso deriva no que se representa como o problema económico. Deste problema xorden tres preguntas para toda a sociedade:

- Que bens e servizos se deben producir?
- Como se deben producir eses bens e servizos?
- Quen debe recibir os bens e os servizos que se produciron?

Estas tres preguntas responden ás tres cuestións básicas que caracterizan a economía e que Moya (2012) sintetiza da seguinte forma: en primeiro lugar, considera que a economía caracterízase e actúa baixo a escaseza dos recursos (terra, traballo e capital son os máis clásicos) ou por problemas relacionados coa escaseza en si mesma, cuberta da pretensión de que esta a súa vez sexa quen de cubrir as necesidades dos cidadáns que conforman a sociedade. Unha segunda característica que atribúe o autor é que a economía se centra na procura da mellor maneira de produción para xestionar estes recursos limitados e así abastecer as necesidades da poboación, é dicir, como xestionar devanditos recursos para cubrir os obxectivos. Un terceiro

punto común é o da distribución, en como se distribúen estes bens ou servizos creados ou producidos entre a sociedade. Unha das funcionalidades da economía consiste en expor as respostas ás tres preguntas.

A Economía Política ademais de centrarse no desenvolvemento económico, investiga a resposta ao que, como e quen, centrándose en asignar recursos ilimitados a necesidades ilimitadas, neste caso sería tarefa das institucións. É por tanto que a economía, como dixemos, está caracterizada pola escaseza e esa escaseza é a que nos leva a administrar. Para coñecer máis a fondo o concepto de economía relacionado con todos estes aspectos debemos coñecer unha clasificación básica sobre ditos recursos:

- **Terra.** Fai referencia aos recursos naturais que proceden da terra; como sinala David Ricardo aínda que dita expresión hoxe en día é moi discutible: “forzas orixinarias e indestrutibles do chan”, xa sexan recursos minerais, produtos alimenticios, etc.
- **Traballo.** Fai referencia a aquilo que sae do esforzo humano, tanto mental como físico. Tanto un profesor que imparte unha materia, un banqueiro que inviste, un traballador nunha fábrica, etc.
- **Capital.** Fai referencia a aqueles utensilios e estruturas que se utilizan para producir bens e servizos. Aquilo que achega á produción, un bolígrafo, un forno de pan, as máquinas dunha fábrica, etc.

Doutra banda, o que si debemos ter en conta é que a economía é algo global, onde incluso unha decisión nun país pode provocar un impacto no mundo. Un exemplo claro é o prezo do petróleo dun país, provocando efectos a todos niveis no transporte, ou así mesmo na produción de certos bens ou servizos e por tanto no seu prezo. Así mesmo, tamén debemos de coñecer que dentro da propia ciencia distínguense distintas ramas como a economía política, microeconomía, macroeconomía, etc.

Pero se queremos concretar máis sobre a que nos estamos referindo ao falar de economía e ás diversas áreas ás que nos referimos podemos fixarnos na síntese do profesor Torres López (2015) de dividir as súas áreas en tres campos:

1. Un primeiro campo pódese delimitar a unhas determinadas actividades que esencialmente se centran na **satisfacción das nosas necesidades mediante bens ou servizos materiais** procurando aqueles recursos necesarios para vivir en sociedade e lograr a satisfacción. Con isto referímonos ao consumo, a agricultura, o comercio, a produción industrial, etc.
2. Un segundo campo ou área é o relacionado cos **problemas económicos**, é dicir, aqueles problemas que proveñen da escaseza dos recursos limitados que anteriormente mencionamos, e que, por tanto, requiren de decisións para xestionar os devanditos recursos e resolver o problema. Un exemplo claro, é o dun hospital sen camas suficientes para os seus enfermos. Non se trata estritamente dun problema económico, pero se resolve coma se o fose, tratando custos e beneficios dos problemas que se expoñen e das súas solucións.
3. O terceiro e último campo é o relacionado co **comportamento humano**, é dicir, coa decisión e actitude que ha de tomar un ser humano para resolver

o problema exposto levando a cabo a avaliación en custos e beneficios que implique calquera tipo de actividade. López sinala textualmente que “os seres humanos enfróntanse a unha dotación determinada de recursos que deben utilizar de forma que obteñan o maior rendemento posible desde o punto de vista das necesidades que se desexan satisfacer. (..) implica que deben realizar unha constante avaliación dos custos e os beneficios que reportan os diferentes usos posibles deses recursos.”

2.2. A economía constitucional e a análise económica do dereito

A economía constitucional trata de explicar a selección de diferentes normas constitucionais para limitar as opcións e actividades dos organismos económicos e políticos.

En canto ó **modelo económico da Constitución Española (1978)** no seu artigo 31 con respecto ó sistema tributario di que:

1. Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio.
2. O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán ós criterios de eficiencia e economía.
3. Só poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público conforme a lei.

Con respecto á **iniciativa económica privada**, no seu artigo 38 referido á liberdade de empresa e á economía de mercado:

Recoñécese a liberdade de empresa no marco da economía de mercado. Os poderes públicos garanten e protexen o seu exercicio e a defensa da produtividade, de acordo coas esixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación.

En canto á **iniciativa económica pública**, no artigo 128 sobre a función pública da riqueza resérvanse ó sector público os recursos ou servizos esenciais:

1. Toda a riqueza do país nas súas distintas formas e sexa cal fora a súa titularidade está subordinada ao interese xeral.
2. Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderase reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente en caso de monopolio, e así mesmo acordar a intervención de empresas cando así o esixa o interese xeral.

A reforma de 2011 da Constitución en materia de **equilibrio orzamentario** reflíctese no artigo 135:

1. Tódalas Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria.
2. O Estado e as Comunidades Autónomas non poderán incorrer nun déficit estrutural que supere as marxes establecidas, no seu caso, pola Unión Europea para os seus Estados Membros. Unha lei orgánica fixará o déficit estrutural máximo permitido ao Estado e ás Comunidades Autónomas, en relación co seu produto interior bruto. As Entidades Locais deberán presentar equilibrio orzamentario.

3. O Estado e as Comunidades Autónomas haberán de estar autorizados por lei para emitir débeda pública ou contraer crédito. Os créditos para satisfacer os intereses e o capital da débeda pública das Administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e o seu pago gozará de prioridade absoluta. Estes créditos non poderán ser obxecto de emenda ou modificación, mentres se axusten ás condicións da lei de emisión. O volume de débeda pública do conxunto das Administracións Públicas en relación co produto interior bruto do Estado non poderá superar o valor de referencia establecido no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

4. Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública só poderán superarse en caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.

5. Unha lei orgánica desenvolverá os principios aos que se refire este artigo, así como a participación, nos procedementos respectivos, dos órganos de coordinación institucional entre as Administracións Públicas en materia de política fiscal e financeira. En todo caso, regulará:

- a) A distribución dos límites de déficit e de débeda entre as distintas Administracións Públicas, os supostos excepcionais de superación dos mesmos e a forma e prazo de corrección das desviacións que sobre un e outro puidesen producirse.
- b) A metodoloxía e o procedemento para o cálculo do déficit estrutural.
- c) A responsabilidade de cada Administración Pública en caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

6. As Comunidades Autónomas, de acordo cos seus respectivos Estatutos e dentro dos límites a que se refire este artigo, adoptarán as disposicións que procedan para a aplicación efectiva do principio de estabilidade nas súas normas e decisións orzamentarias.

En canto á **política de estabilidade económica**, o artigo 40.1 refírese á redistribución da renda e pleno emprego:

Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica. De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego.

No referente ó **emprego racional dos recursos naturais** en orde a mellorar a **calidade de vida** e o medio ambiente o artigo 45.2 di que:

Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O relativo á **defensa dos consumidores** figura no artigo 51.1:

Os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

A participación na empresa e nos organismos públicos figura no artigo 129.2: Os poderes públicos promoverán eficazmente as diversas formas de participación na empresa e fomentarán, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas. Tamén establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción.

O artigo 130.1 reza sobre o **desenrolo do sector económico**:

Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois.

A planificación da actividade económica xeral expónse no artigo 131.1:

O Estado, mediante lei, poderá planificar a actividade económica xeral para atender ás necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial e estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución.

A análise económica do dereito conforma un ámbito propio de estudo que ven definido polas estritas vinculacións de interdependencia que se establecen entre as prácticas xurídicas e institucionais e a actividade económica. Estuda de forma específica o sistema e as normas xurídicas baixo unha tripla perspectiva, que inclúe tanto aspectos positivos como normativos:

- Predicir os efectos económicos das normas legais, é dicir, as consecuencias das mesmas no ámbito das relacións económicas.
- Determinar as normas legais que son economicamente eficientes, ou sexa, que son máis favorables á xeración ou maximización da riqueza.
- Predicir como se forman as leis, isto é, delimitar os factores que inflúen no seu proceso da súa xestación.

2.3. A economía como ciencia da elección

2.3.1 A análise económica centrada no individuo

A toma de decisións ten en conta a dicotomía: emocional vs racional. En xeral, o principio da análise custo-beneficio di que unha acción débese tomar só se o seu beneficio é ao menos tan grande como o seu custo. Aínda que os individuos (e as empresas) poidan tomar mellores decisións pensando en termos marxinais (ou adicionais):

- Unha persoa toma unha decisión racional só se o beneficio marginal é superior ó custo marginal.
- Se $BMg(X) > CMg(X)$, entón realizamos X.

Pero no cálculo do custo débese ter en conta o custo de oportunidade. Este é o custo de calquera actividade medido en termos do valor da seguinte mellor alternativa perdida (é dicir, da que non se elixe). O custo de oportunidade é o beneficio (utilidade ou satisfacción) que se podería percibir tomando unha acción alternativa.

Pártese de que as persoas racionais pensan en termos marxinais. A xente leva a cabo as actividades nas que o beneficio marginal supera ó custo marginal e rexeita aquelas nas que o custo marginal supera ó beneficio marginal. Un dos retos que

teñen os economistas é descubrir que incentivos favorecen tanto o interese propio como o interese social. Por exemplo:

Un alumno pensa se facer un máster dun ano de duración. Para tomar esta decisión precisa saber cales son os beneficios adicionais dun ano máis de estudos e os custes adicionais. Comparando os beneficios marxinais e os custos marxinais, pode pescudar se merece ou non a pena estudar un ano máis.

Táboa 1. Tipos de beneficios e custos

Beneficios	Custos
Monetarios (un maior salario)	Directos (desembolsos)
Non monetarios (satisfacción, prestixio...)	Oportunidade (sacrificios)

Fonte: elaboración propia

En canto á racionalidade dos axentes, ser racional significa tomar decisións de acordo co criterio de custo-beneficio. Pero o criterio de racionalidade baseado no egoísmo e no obxectivo inmediato hai que matizalo. O criterio de racionalidade baseado no egoísmo só concede importancia ós beneficios e custos que se soportan directamente (ausencia de efectos externos). Se con unha acción se vai causar dano a alguén, ese custo externo deberíase ter tamén en conta no lado dos custos, e o mesmo se decide non dar o paso (internalízase a externalidade). A externalidade negativa ten consecuencias perxudiciais das accións dunha persoa para o benestar de outra.

O criterio de racionalidade baseado no obxectivo inmediato só ten en conta as metas inmediatas. Pero na toma de decisións tamén se deberían ter en conta as consecuencias de longo prazo das nosas accións.

2.3.2 As eleccións da sociedade e a eficiencia económica

As ideas básicas que permiten comprender a actividade económica son dúas:

- **A escaseza é inevitable e é central para os problemas económicos.** Os problemas do que, como e para quen producir non terían sentido se os recursos fosen ilimitados. Pero o problema que acompaña á economía dende o seu nacemento é o problema da escaseza, que se deriva da existencia duns recursos limitados fronte ás necesidades humanas practicamente ilimitadas. A economía como ciencia estuda a asignación óptima dos recursos que son escasos (e teñen usos alternativos) na produción de bens e servizos.
- **A escaseza obriga a elixir.** Dado un nivel tecnolóxico, a dotación de recursos (limitados) dunha sociedade determina a súa capacidade de produción. Para calquera sociedade existe un límite das súas posibilidades de produción (asumindo un bo aproveitamento dos recursos), polo que

debe decidir como asignar os recursos para producir uns bens ou outros. Se a sociedade quere ter máis dun ben, deberá sacrificar ou renunciar á produción dos outros bens; o termo que se emprega para expresar as alternativas perdidas é o de custo de oportunidade.

Se nos referimos á escaseza e á elección, o primeiro paso para comprender a gran complexidade do mundo económico é a formulación de modelos económicos. Un modelo non describe o mundo económico real, senón unha simplificación do mesmo. O modelo da **fronteira de posibilidades de produción (FPP)** permítenos entender o problema da elección á que se enfronta toda a sociedade como consecuencia da escaseza en presenza de necesidades materiais humanas que son ilimitadas. Supoñemos que a sociedade debe elixir entre a produción de dous bens (exemplo: estradas e polideportivos). Existe pleno emprego dos recursos e un uso eficiente dos mesmos (eficiencia: propiedade segundo a cal a sociedade aproveita da mellor forma posible os seus recursos escasos e, á súa vez, os recursos están empregados no seu mellor uso).

A curva ou **fronteira de posibilidades de produción** representa a idea de que a produción total de bens e servizos está limitada polos recursos dispoñibles e deben facerse eleccións entre as alternativas posibles. Os puntos da curva acádanse soamente co pleno emprego dos recursos (e os recursos están no seu mellor uso) e a eficiencia de produción (a sociedade obtén o máximo que pode a partir dos recursos e tecnoloxía dispoñibles).

O crecemento económico ilústrase por medio dun desprazamento deica fora da FPP e resulta dun incremento na cantidade dos recursos e/ou aumento de produtividade dos factores grazas ás melloras tecnolóxicas.

Unha situación é **eficiente** cando non é posible producir máis dun ben sen ter que renunciar á produción de outro.

Unha situación **imposible** é alcanzable só no longo prazo como resultado dun incremento dos factores de produción e/ou por unha mellora da tecnoloxía.

Unha situación é **ineficiente** cando temos recursos desempregados e/ou recursos empregados pero non correctamente asignados.

Con respecto á elección e ó custo de oportunidade, segundo Joseph E. Stiglitz (2001): Destinar un recurso a un fin significa non poder destinalo a outro. Polo tanto, cando pensamos destinar un recurso calquera a un fin, debemos considerar o seguinte mellor uso que pode dárselle. Este seguinte mellor uso é a medición formal do custo de oportunidade.


A FPP ilustra este concepto de custo de oportunidade como o que a sociedade deixa de gañar (debe sacrificar) por elixir unha alternativa diferente. Defínese entón o custo de oportunidade como o beneficio (utilidade ou satisfacción) que poderíamos recibir de tomar unha acción alternativa (o beneficio da segunda mellor opción ó que renunciamos). As eleccións son precisas posto que os recursos son escasos e teñen usos alternativos. O custo de oportunidade é crecente porque cada factor de produción non é igualmente útil en producir todos os bens (lei dos rendementos decrecentes).

Centrando a atención na eficiencia económica, pártese de que a economía é a ciencia social que trata a asignación eficiente dos recursos escasos (que teñen

usos alternativos) coa finalidade de maximizar o benestar social. Pódese distinguir entre eficiencia interna e externa (onde a eficiencia económica englobaría a suma de ambas):

- **Eficiencia interna:** ou produtiva relaciónase coa forma na que se aproveitan os recursos na produción. Un sistema que favorece o desaproveitamento dos recursos é ineficiente; polo contrario, se se está logrando a maior produción posible nun período dado, coa tecnoloxía existente e empregando todos os recursos dispoñibles, entón o sistema fai un uso eficiente dos recursos. A eficiencia produtiva acádase cando a sociedade non pode aumentar a produción dun ben sen reducir a de outro. A produción é ineficiente cando os recursos se desperdician, é dicir, cando están desocupados ou ociosos en lugar de estar funcionando. O emprego da capacidade produtiva é un indicador clave para medir o grao de funcionamento da industria. O principal motivo que leva a manter un nivel de produción inferior á capacidade potencial é a insuficiencia de demanda. O output gap é a diferenza entre o que unha economía está producindo e o que pode producir. Os recursos non están correctamente asignados cando están asignados a tarefas para as que non son a mellor opción. Se partimos de que unha sociedade logra a eficiencia produtiva só se os seus recursos están empregados no seu mellor uso, conclúese que se obtén maior produción do traballo se os traballadores se asignan a labores para as cales están máis capacitados (mellora da produtividade do factor traballo).
- **Eficiencia externa:** acádase se os bens e servizos producidos eficientemente na economía son os que realmente valora a sociedade. No exemplo da FPP, a eficiencia externa lógrase se a combinación dos bens (un punto concreto da fronteira) é a que realmente desexa a sociedade.

Gráfico 1. Eficiencia externa



(Fonte: Salas Velasco, M. (2015). Economía Política. Teoría y aplicaciones. Granada: Editorial Comares.)

Aínda que cada punto situado sobre a FPP como F ou E son combinacións eficientes no senso técnico, unicamente a combinación de produción do punto E é un máximo de utilidade para o individuo ou grupo típico; só este punto representa unha asignación economicamente eficiente de recursos. En resumo, para garantir a eficiencia económica xeral na asignación de recursos, débense vincular as preferencias dos individuos ás capacidades produtivas da economía. Na FPP do mundo real pódese producir máis cantidade dun ben ou servizo só se se produce menos de outros bens e servizos. En definitiva, cada decisión tomada ó longo da FPP implica un trade-off: débese renunciar a algo para obter outra cousa (custo de oportunidade).

Unha función utilitaria (tamén chamada a función do benestar de Benthan) agrega a utilidade de cada individuo para obter a da sociedade. A función do benestar social é xeralmente trasladada como unha curva de indiferenza social. Pero de acordo co teorema da imposibilidade de Arrow, non é factible encontrar unha función social de benestar que agregue as funcións de utilidade de cada un dos individuos. O teorema de Arrow mostra que cando se impoñen certas condicións razoables a tres ou máis opcións, é imposible unir as preferencias racionais persoais en preferencias sociais que manteñan a transitividade da toma de decisións.

Para determinar pois as preferencias sociais, calquera sistema regrado de priorización, máis ou menos consensuado, é mellor que ningún entre outras cousas porque na medida en que os criterios de priorización reflectan as preferencias dun amplo número de colectivos aumentará o seu grao de aceptación social e, por tanto, facilitará a súa implementación. As preferencias sociais cambian co tempo dentro dun país e entre países; estas preferencias teñen repercusións importantes na asignación dos recursos.

A eficiencia segundo **Pareto** (1896). Wilfredo Pareto foi un dos primeiros economistas que buscaron determinar cientificamente onde se atopaba o maior benestar alcanzable dunha sociedade. O autor introduciu o concepto de óptimo económico que hoxe se coñece como o Óptimo de Pareto. O Óptimo de Pareto é a situación na que é imposible mellorar a situación dunha persoa sen empeorar a de outra; mentres non pase isto, a sociedade aínda pode aumentar o seu benestar.

A FPP delimita as cantidades máximas de bens que unha sociedade é capaz de producir nun determinado período a partir duns factores de produción e uns coñecementos tecnolóxicos dados. Esta capacidade para producir bens e servizos determina, en última instancia, o nivel de vida dun país. Pero toda a sociedade aspira a ter un mellor nivel de vida (aumento do benestar). No modelo da FPP, isto significa un desprazamento deica fóra da fronteira (crecemento económico no longo prazo). Xeralmente, suponse que mentres maior é o crecemento económico (sobre todo se é máis alto que o aumento da poboación) os niveis de renda da poboación serán tamén superiores.

En canto ó **crecemento económico no longo prazo** (crecemento económico = expansión das posibilidades de produción), débese tratar de entender por que as economías medran, por que unhas medran máis que outras ou por que nuns momentos determinados médrase máis que en outros. O crecemento económico e a forma de logralo foi unha das preocupacións permanentes da ciencia económica,

sobre todo dende mediados do século XX coa aparición das teorías do crecemento. O crecemento económico ilústrase mediante un desprazamento da curva de posibilidades de produción deica fóra e pode atribuírse: ó crecemento dos factores de produción (ou recursos) e/ou ó aumento da produtividade dos mesmos (causado principalmente polo progreso técnico ou tecnolóxico).

As ganancias de produtividade poden ser vistas como o principal motor de crecemento económico a longo prazo. O aumento da produtividade dos recursos ven causado principalmente polo progreso tecnolóxico. Dito progreso tecnolóxico defínese como novas e mellores formas de facer as cousas, e novas técnicas para o emprego dos recursos escasos de forma máis produtiva. Unha tecnoloxía mellorada permite producir máis coa mesma cantidade de recursos. O progreso técnico depende de factores como as inversións no capital humano (educación formal e formación no emprego e en I+D+i).

Por tanto, a literatura económica ensínanos:

- Unha das variables máis importantes na determinación do benestar económico a longo prazo dunha economía ou sociedade é a produtividade, é dicir, a cantidade de bens e servizos que se produce por cada unidade de factor de produción (fundamentalmente capital físico e traballo).
- Entre os determinantes das ganancias en produtividade, asegurando incrementos na renda per cápita das xeracións sucesivas, están as inversións en I+D+i, a taxa de inversión en capital humano (e a súa calidade) e o funcionamento da economía dentro dun marco institucional adecuado.

2.4. Principios básicos da ciencia económica

A finalidade da actividade económica é a produción de bens e servizos para a satisfacción das necesidades humanas. A produción é posible soamente grazas ós chamados recursos ou factores de produción (ou inputs produtivos). Tradicionalmente, considéranse tres recursos produtivos:

- Terra (engloba tamén os recursos naturais como auga ou petróleo).
- Traballo (tempo e capacidades da man de obra).
- Capital (bens duradeiros destinados á produción). Normalmente relaciónase co capital físico (maquinaria e edificios).

Os factores produtivos combínanse e empregan de acordo ás técnicas existentes, o que se coñece como tecnoloxía (conxunto de coñecementos sobre a forma de producir).

A economía é o estudo de como as sociedades empregan ou xestionan os seus recursos (escasos ou limitados) para producir bens e distribuilos entre as diferentes persoas. Na asignación dos recursos xorden tres preguntas básicas que se deben responder para entender o funcionamento do sistema económico:

- **Que producir.** Relaciónase coa elección de actividades económicas e depende dos gustos e preferencias da poboación e da súa dotación de recursos produtivos.

- **Como se vai producir.** Fai referencia ós métodos de produción para obter os bens e depende do nivel tecnolóxico (estado do coñecemento). Pódese producir un determinado ben mediante técnicas diferentes partindo dunhas que implican moito traballo e maquinaria escasa e simple, ata outras que requiren unha gran cantidade de maquinaria automatizada e só uns poucos traballadores.
- **Para quen producir.** Ocúpase de como se distribúen os bens producidos entre os individuos que compoñen a sociedade.

Toda sociedade ten que organizar dalgún modo os seus procesos produtivos para resolver adecuadamente os problemas económicos fundamentais. Pero, independentemente da organización que se adopte, hai certos principios económicos que dirixen o proceso produtivo. A produción de bens e servizos pode estar en mans do estado, como no sistema comunista ou en mans da empresa privada como no sistema capitalista. Pero na práctica é difícil atopar sistemas económicos puros. Nin o capitalismo sen regulación nin unha economía centralizada sobre regulada poden organizar efectivamente a sociedade moderna. Toda a sociedade está a cabalo entre estes dous extremos.

Nun sentido xeral, o mercado é o lugar físico ou virtual onde se atopan dúas forzas que xeran procesos de intercambio: aqueles que desexan adquirir bens e servizos (demandantes) e aqueles que ofrecen bens e servizos (oferentes). Orixinalmente, os mercados eran lugares físicos onde os bens eran vendidos, e a teoría económica temperá explicou o comportamento do prezo en tales mercados. No sentido moderno, un mercado refírese a calquera situación na cal compradores e vendedores poden negociar o intercambio dalgún ben.

Un dos papeis máis importantes do mercado é a xeración de sinais para impulsar os intercambios; estas sinais son principalmente os prezos. O mercado ten como misión que os seus axentes (oferentes e demandantes) se poñan de acordo en canto ó prezo dos bens e servizos. Os prezos actúan como sinais que permiten ós axentes comportarse racionalmente. Para os consumidores os prezos reflicten escaseza ou excedentes e/ou calidades (un ben caro pode ser percibido como escaso e/ou de alta calidade; e á contra, un prezo moi baixo pode deberse á súa abundancia e/ou mala calidade). Para os produtores os prezos son incentivos para decidir que producir.

Pero o mercado é sobre todo un sistema descentralizado de incentivos que asigna recursos eficientemente:

- Porque os bens e servizos son asignados ós consumidores que máis os valoran de acordo cos seus prezos, que son sinais da disposición a pagar.
- Porque os factores de produción son asignados ós produtores de acordo cos seus prezos, sinais de valoración deses factores polos produtores. Os prezos atraen recursos deica aqueles sectores nos que se producen beneficios, e os desvían dos sectores nos que se producen perdas.

Nos modelos teóricos nos que se asume a competencia perfecta, non existen distorsións que afecten ás sinais; e a oferta e a demanda conducirán a que se asignen correctamente os recursos.

Cando os mercados non logran a eficiencia, a intervención do estado pode mellorar o benestar da sociedade. O estado pode promover a eficiencia corrixindo

os fallos do mercado: monopolios, información imperfecta, externalidades ou bens públicos. Unha política pública ben deseñada pode, en ocasións, aproximar á sociedade ata á eficiencia cambiando a forma en que se combinan os recursos. O estado debe tamén promover a equidade redistribuíndo a renda (fixando impostos progresivos, realizando transferencias...). Tamén debe estabilizar a economía a partir da aplicación de políticas estabilizadoras. As oscilacións macroeconómicas xeran problemas de inflación, alto desemprego e baixo crecemento; o estado debe intervir para estabilizalas posto que o mercado por si só non é capaz de logralo.

3. O método na Economía

3.1. A economía como ciencia social. Clasificación

As ciencias clasifícanse en:

- Formais: matemáticas.
- Empíricas: ciencias da natureza (física) e ciencias sociais (economía: normativa e positiva: dentro da positiva distínguese a macroeconomía e microeconomía).

As ciencias formais son aquelas que formulan xuízos que son verdadeiros na súa forma e que non poden ser invalidados por ningunha verificación empírica. As ciencias empíricas son aquelas nas que se formulan xuízos probabilísticos os cales están suxeitos a unha posible invalidación.

A **economía positiva** trata de establecer leis sobre a realidade económica, tal e como esta se presenta. É independente de toda posición ética ou xuízo de valor particular. Ocúpase do que é e non do que debería ser. Identifícase coa teoría económica micro e macroeconómica.

A **economía normativa** establece normas ou preceptos relativos ó que nos gustaría que fose a realidade económica. Expresa xuízos de valor sobre a xustiza ou equidade económicas (identifícase coa política económica).

Dentro da economía positiva distínguese entre:

- **Microeconomía**: estuda o comportamento económico de axentes individuais como consumidores ou empresas, así como a análise dos mercados de bens e de factores.
- **Macroeconomía**: encárgase do estudo global da economía en termos de cantidade total de bens e servizos producidos, o nivel de emprego e o comportamento xeral dos prezos.

3.2. A investigación económica e os instrumentos de análise económica

3.2.1 O método científico

O método científico é un proceso que ten como finalidade o establecemento entre feitos, para enunciar leis que fundamenten o mundo. Son dúas as características que se deben cumprir no método científico:

- **Falsabilidade:** Apunta a que as proposicións que o método considere como verdadeiras non poden deixar de estar sometidas a ser re avaliadas como falsas.
- **Reproducibilidade:** é dicir, que a veracidade dunha proposición pode ser replicada en outras condicións.

Como en toda disciplina científica, o obxecto da economía é chegar á formulación de leis ou principios xerais que permitan certo grao de predición dos fenómenos económicos. Dado o seu alto grao de formalización analítica, a economía pode considerarse unha das ciencias sociais máis rigorosas. A principal limitación á que se enfronta, ó igual que o resto das ciencias sociais, é a dificultade para levar a cabo experimentos controlados. Por isto as leis da economía son leis empíricas, é dicir, que se basean na experiencia e teñen un grao de xeneralidade menor que as leis da física.

3.2.2 Instrumentos de análise económica

As ferramentas da análise positiva son as matemáticas e os métodos cuantitativos (estatística e a econometría; esta última baséase en métodos estatísticos para estimar as relacións económicas e avaliar e poñer en práctica políticas gobernamentais e comerciais). As ferramentas da análise normativa remítense á Economía do Benestar.

O obxectivo básico da economía do benestar é reducir a pobreza e mellorar a redistribución da riqueza. Unha das cuestións principais para esta corrente é atopar as políticas económicas idóneas que poidan contribuír a reducir a pobreza e mellorar a redistribución da renda entre ricos e pobres. Para isto resulta preciso definir: o valor dos cartos, o valor dos ingresos adicionais, as necesidades dos ricos e pobres e a afectividade da redistribución da renda.

Para realizar unha análise económica empréganse diferentes unidades de medida: ratios, porcentaxes, diferencias, índices... En canto ós obxectivos, a análise financeira debe ser orientada en función dos obxectivos perseguidos, que dependerán da finalidade establecida polo analista ou usuario da información: o accionista estará interesado esencialmente pola rendabilidade e o risco dos seus capitais, en tanto que o acreedor considerará en particular a solvencia, a liquidez e a estrutura financeira da empresa. Como cada usuario da información ten uns obxectivos determinados, é preciso un diagnóstico global que recolla a realidade da empresa a través do coñecemento dos recursos financeiros e da adecuación das inversións.

No caso de realizar unha análise global dunha empresa, contaránse 3 etapas:

- **Análise económica:** ocúpase principalmente da medición da rendabilidade, informa da eficacia dos resultados das operacións de aprovisionamento, produción, distribución e administración.
- **Análise financeira:** ocúpase de estudar os desequilibrios producidos polas fontes financeiras empregadas.
- **Análise empresarial:** estuda a adecuación entre a inversión e a financiación. Os instrumentos máis empregados para esta análise son:

fondo de manioira, estado de orixe e aplicación de fondos e cash-flow (fluxos de caixa).

Os **instrumentos** son un conxunto de conceptos, técnicas e procedementos que axudan a afrontar e resolver distintos problemas económicos. Segundo Schumpeter (1978), o que distingue ós economistas é o dominio das seguintes técnicas de análise: historia, estatística e economía. O economista emprega os datos estatísticos e as series históricas e os analiza no marco da teoría económica.

As *teorías económicas* explican acontecementos e xustifican a relación entre dous ou máis situacións dadas. Proveen a estrutura lóxica para a análise económica así como tamén permiten entender o funcionamento da economía. As diferentes teorías son empregadas para poñer en orde as observacións dos feitos económicos, co fin de explicar de que forma están relacionados, e é así como proveen hipóteses e conceptos das diversas variables e dos diferentes axentes económicos. As teorías pretenden explicar por que se observan no mundo real certos acontecementos e á vez facilitan a predición das consecuencias que estes ocasionan. A teoría económica é o conxunto de hipóteses explicativas que se foron estruturando ó longo do tempo.

Os *modelos económicos* empréganse para entender o funcionamento da economía e expresar as relacións causa-efecto. Os modelos son sistemas hipotético-dedutivos e deben ser congruentes (porque están construídos con rigor lóxico, ten coherencia interna e non se contradí) e relevantes (pois expresan comportamentos relevantes e implican a toma de decisións). Son unha simplificación e abstracción da realidade que a través de supostos argumentos e conclusións explican unha determinada proposición ou un aspecto dun fenómeno máis amplo. Supoñen que o comportamento do individuo é racional (que optimiza os recursos para lograr o obxectivo máis conveniente). Distínguense das teorías en que estas conteñen as definicións que dan sentido ás variables que son tratadas nos modelos.

As teorías e os modelos permiten realizar proxeccións económicas, as cales non están exentas da visión persoal do científico que as levou a cabo, xa que este ten intereses propios, ideas, ideoloxía política, das que non pode desprenderse.

Os *datos estatísticos* son tomados da realidade para concretar as predicións derivadas dos modelos.

As *series históricas* son feitos, xeralmente expresados en cifras, que ofrecen información sobre as variables económicas.

Unha *variable económica* é algo que inflúe nas decisións relacionadas cos problemas económicos fundamentais ou algo que describe os resultados de tales decisións. Samuelson (1967) di que é unha magnitude de interese que pode definirse e medirse. As variables exógenas son aquelas cuxos valores son tomados da realidade (renda, prezos de bens substitutos, gustos, tecnoloxía...) e as variables endógenas, as que toman os valores deducidos ó operar o modelo. As variables stock refírense a un momento no tempo (poboación, riqueza...). As variables fluxo só teñen sentido se están referidas a un período (exemplo: canto se gañou no transcurso dun tempo dado).

3.2.3 Investigación aplicada en economía

A investigación aplicada é o tipo de investigación na cal o problema está establecido e é coñecido polo investigador, polo que emprega a investigación para dar resposta a preguntas específicas. A investigación debe responder ás seguintes cuestións:

- Cal é o problema de estudo e por que é importante?
- Cales son as principais hipóteses ou preguntas que se examinarán?
- Que tipo de datos serán empregados no estudo e como se obterán?
- Como se analizarán os datos para informar ás preguntas do estudo? Que métodos, modelos analíticos ou estratexias de interpretación se empregarán?
- Como os resultados da investigación informarán á política pública?

Neste tipo de investigación o énfase do estudo está na resolución práctica de problemas e céntrase especificamente en como se poden levar á práctica as teorías xerais. A súa motivación vai deica a resolución dos problemas que se presentan nun momento dado. A característica máis destacada da investigación aplicada é o seu interese na aplicación e nas consecuencias prácticas dos coñecementos que se obtiveron. O obxectivo da investigación aplicada é predicir un comportamento específico nunha situación definida. Tamén se coñece como empírica, dado que busca a aplicación do coñecemento adquirido coa idea de consolidar o saber para resolver unha situación.

BIBLIOGRAFÍA

Básica

- DI CIANO, M. (2014) *Introducción a la Economía*. Buenos Aires: Universidad de Belgrano.
- GÓMEZ, C. M. (s.f.) *Historia del pensamiento económico. La Revolución Marginalista: Precursores y Fundadores*. Universidad de Alcalá. Recuperado de : <http://www3.uah.es/econ/hpeweb/HPEMARGI.htm>
- GONZÁLEZ, M. J. G. (1992) "El pensamiento económico de los economistas castellanos en el siglo XVI", *III Congreso de Economía Regional de Castilla y León*. Segovia: Semuret, 33-41.
- MANKIW, N.G. (2017) *Introducción a la economía*. Madrid: Paraninfo.
- KING, G., KEOHANE, R. & VERBA, S. (2000) *Una investigación: Pregunta de investigación, teoría y consecuencias observables. El diseño de la investigación social*. Madrid: Pirámide.
- MOYA, M. A. & PANIAGUA BALLINAS, J. F. (2012) *Fundamentos de economía*. México, D.F.: Universidad Nacional Autónoma de México. Instituto de Investigaciones Económicas.
- POSSO ORDÓÑEZ, R. (2014) "Conceptos y principios de economía y metodologías utilizadas en la investigación económica", *Tendencias*, 15(1), pp. 228-241.

- SALAS VELASCO, M. (2015) *Economía política: Teoría y aplicaciones*. Granada: Editorial Comares.
- TORRES, J. (2015) *Cap. 1. La economía y la ciencia económica. Economía Política*. Madrid: Pirámide.

Complementaria

- BENTHAM, J. & RAMIREZ, A.D.L.P. (1883) *Manual de Economía Política*. Mexico D.F.: Imprenta de J. Rivera, hijo y compañía.
- BUCHANAN, J.M. (1990) *Ensayos sobre Economía Política*. Madrid: Alianza.
- CABALLERO, F. S. (2009) "Economía política de la comunicación y teoría crítica. Apuntes y tendencias", *IC Revista Científica de Información y Comunicación*, (6), pp. 149-171.
- ENGELS, F. (1859) *Carlos Marx. Contribución a la crítica de la Economía Política. Obras Escogidas*. Moscú: Progreso.
- ESPINO, J.A. (2001) "Instituciones y Economía. Una introducción al neoinstitucionalismo económico", *Región y Sociedad*, 13(22), pp. 194-197.
- KRUGMAN, P.R. & WELLS, R. (2007) *Macroeconomía: Introducción a la Economía*. Barcelona: Reverté.
- MENGER, C. (2012) *Principios de Economía Política*. Madrid: Bubok.
- NETTO, J.P. & BRAZ, M. (2007) "Economía política. Uma introdução crítica", *Folha de S. Paulo*, 6.
- NIKITIN, P.I. & ARTEAGA, D. (1959) *Economía Política*. Moscú: Progreso.
- PHELPS, E.S. (1986) *Economía Política: un texto introductorio (Vol. 21)*. Barcelona: Antoni Bosch editor.
- SABINO, C. (1991) *Diccionario de Economía y Finanzas*. Caracas: Editorial Panapo.
- SAIEGH, S. & TOMMASI, M. (1998) *La Nueva Economía Política: racionalidad e instituciones (Vol. 10)*. Buenos Aires: Eudeba.
- ZAIAT, A. (2012) *Economía a contramano: cómo entender la economía política*. Buenos Aires: Planeta.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA